

A FACTURA DO CONFINAMIENTO NAS ALUMNAS/OS CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO E AS SÚAS FAMILIAS.

Nestes momentos nos que só se fala das consecuencias económicas da pandemia, REGADE (Rede Galega de Desenvolvemento Infantil e Atención Familiar) quere sacar á luz as consecuencias que está tendo tanto a nivel académico como social no colectivo de alumnas/os con Necesidades Específicas de Apoio Educativo e as súas familias (NEAE).

REGADE é unha agrupación de centros de carácter psicolóxico e psicopedagóxico que atendemos a nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) e ás súas familias. Son alumnas/os que por distintas circunstancias aprenden de maneira diferente, con máis dificultade que outros nenos e nenas e que precisan o apoio cercano e comprensivo de persoal da Psicoloxía, da Pedagogía e a Logopedia. Esta agrupación de centros atende arredor de 2000 familias en distintos centros distribuídos polas catro provincias.

Son centros privados que traballan coas becas NEAE do MEC. Estas bolsas están concedidas, pero este confinamento ao que nos ten levado a situación actual pon en grave risco a atención a estes nenos e nenas e ás súas familias, pois moitos deles/as precisan que se lles adapte o material curricular e sexan acompañados dun xeito moi específico.

Faise obrigado recalcar que hai moitos servizos aos que este alumnado ten dereito e que non está recibindo durante estas semanas, o que fai que moitos dos avances conseguidos ata agora retrocedan ou, no mellor dos casos, se estanquen.

Os/as profesionais que traballamos nos centros de REGADE vemos que non está sendo posible unha atención real e efectiva para este alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ben porque as características das crianzas non o fai posible, ben porque os recursos dos que moitas familias dispoñen son escasos e non permiten a teleasistencia, que é a ferramenta que estamos utilizando.

Cada semana que dure o confinamento vai aumentar a fenda de aprendizaxe entre estes/as alumnos/as e os/as seus/súas compañeiros e compañeiras, e afectará ao rendemento académico, ás habilidades cognitivas e de relación social. Este peche conleva que estas necesidades de apoio que teñen e que eran atendidas tanto por parte dos e das profesionais escolares (Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, mestre/a e orientadora/or) e os/as profesionais externos (pedagogos, logopedas, psicólogos) case desaparecen ou son totalmente inexistentes e ao non poder continuar co apoio externo dos Gabinetes psicopedagóxicos, pais e nais téñense que converter, pola “Batuta da Situación de Alarma” en primeiro mestres e despois especialistas en dificultades escolares, é dicir, en logopedas, psicólogos, pedagogos...

Ao estar na casa, a aprendizaxe deste alumnado vai depender das estratexias de atención e acompañamento das familias e das estratexias de apoio que poidamos proporcionarlles dende os colexios e dende os centros externos. É de vital importancia nestes casos (e nos demais) o que denominamos tempo interactivo, ese tempo que non se dedica ás tarefas asistenciais (hixiene, alimentación, orde) senón a facer cousas xuntos, disfrutando. Para levar a cabo estas tarefas moitas familias precisan axuda e estratexias. A falta de actividades específicas para este alumnado pode

supoñer en só un mes, unha perda de varios meses de traballo de apoio específico.

Moitos dos nenos e nenas cos/as que traballamos teñen sintomatoloxía de TDAH, TEA, trastorno da letoescritura, trastornos de conduta, trastorno do vínculo, trauma temperá ... e para eles/as xa non é viable unha atención próxima, sensible e directa das/os súas/seus terapeutas. Por esta razón, o apoio da familia pasa, nestes momentos do confinamento, a primeiro plano nas nosas estratexias de intervención.

As familias, tal e como manifestan, dende FOANPAS, séntense soas, sobrepasadas, cunha grande carga emocional. Están a vivir, igual que todos e todas, unha situación complicada e nova, que teñen que afrontar con moita responsabilidade. Non só teñen que teletraballar, ocuparse da casa, coidar ás crianzas e persoas dependentes, senón que tamén teñen que facer o apoio ás tarefas escolares, afrontar momentos difíciles de frustración, rabietas, condutas disruptivas, dificultades na comunicación e todo sen ser profesionais e, en moitos casos, sen un apoio ou unha guía e con moi poucos recursos.

Consideramos que esta situación de confinamento pódese converter nunha OPORTUNIDADE para as familias de reinventar novas formas de relacionarse que lles traian benestar, unha oportunidade no sentido de que antes do estado de alarma o problema era a falta de tempo xuntos e xusto agora é o recurso que máis abunda, tempo para esperar a que os/as pequenos/as realicen as tarefas, tempo para aprender en familia, tempo para marcar pautas e rutinas que ordenen o día a día, etc.

Tempo de oportunidade para que esta fenda non só non aumente senón que se poida reducir, pero para isto é preciso un apoio específico ás

familias, agora máis que nunca, e esquecerse da frase que oímos con moita frecuencia “**a la vuelta hablamos**”, a vida é agora, non se detivo. En materia de desenvolvemento, o que non se traballa, se perde. O que debemos oír é “falamos xa, temos os medios, a tecnoloxía ponnos o medio necesario para falar”. Detívose a rutina á que estabamos habituados, e vai sendo tempo xa de adaptarse e refacerse para seguir co fluír da vida e dos acontecementos. Xa pasaron as primeiras dúas semanas, xa podemos ir saíndo do estado de shock, desconxelándonos, abrindo os ollos á realidade e deixando de esperar a que todo volva ser coma antes; rematou a espera, este tamén é tempo para vivir.

Dende REGADE destacamos a importancia e a necesidade do servizo dos nosos centros e profesionais nesta situación de confinamento e ofrecemos como algo habitual todas as alternativas posibles para responder ás necesidades familiares dentro das medidas de teleasistencia imprescindibles. Este é o noso traballo, somos axentes de cambio e medios ao servizo do benestar e a calidade na crianza, tanto no plano educativo como afectivo e social dos nosos pequenos e pequenas.

Adaptarnos implica vivir no presente en cada momento, axustando as expectativas á realidade; o peche das escolas con facilidade pode chegar a finais de maio ou xuño. Os nosos menores e as súas familias poden dispoñer de guía e pautas que favoreza e facilite o seu desenvolvemento e que se poidan levar adiante por medio dun seguimento familiar que completará a atención que están a recibir dos centros escolares cunha abordaxe profesional específica.

É tempo para mudar os modelos e entender a aportación tan grande e necesaria que realiza a **TELEASISTENCIA**. Queremos dende aquí facer un

chamamento ás administracións para que aporten as solucións necesarias para que a poboación con necesidades específicas de apoio educativo e as súas familias non sigan sumando dificultades á súa vida, e estes nenos e nenas poidan continuar medrando, xogando e aprendendo con todas as garantías que os seus dereitos lles confiren. Debemos aprender desta situación e mudar o modelo e o sistema educativo. É tempo de traballar en equipo, en comunidade, establecendo estratexias e ferramentas que garantan o aproveitamento de todos os recursos dispoñibles, facéndoo dunha forma coordinada e eficaz. Hoxe máis que nunca, non deixemos a ninguén atrás.

En Vigo, a 13 de abril de 2020